

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 22 de novembro de 2023, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

Trastuzumab + Pertuzumab vía SC (PHESGO®)

nas seguintes indicacións:

- **En neoadxuvancia:** No caso de pacientes adultos con cancro de mama HER2-positivo, localizado, localmente avanzado ou inflamatorio con alto risco de recaída ^{**}.

^{**}No caso de tratamento en adxuvancia, a combinación de pertuzumab con trastuzumab tanto por vía IV como SC, non esta incluída no financiamento dentro do Sistema Nacional de Saúde (SNS).

- **En primeira liña de enfermidade metastásica:** En combinación con docetaxel no caso de pacientes adultos con cancro de mama HER2-positivo, con enfermidade loco-rxional irreseccable ou metastásica, que non haxa recibido tratamento previo anti-HER2 ou quimioterapia para a enfermidade metastásica.

A selección da vía intravenosa (IV) ou subcutáneo (SC) de trastuzumab mais pertuzumab nestas indicacións deberá valorarse individualmente en cada caso e atendendo a criterios de conveniencia e eficiencia.

O uso de pertuzumab xunto a trastuzumab, independentemente da vía, deberá realizarse atendendo aos criterios que se amosan no ditame do 2 de outubro de 2014 sobre "**cancro recidivante irreseccable ou metastásico**" e ao ditame do 18 de outubro de 2017 sobre "**tratamento neoadxuvante**".

Información complementaria:

No caso de réxime antitumoral onde se administre unicamente trastuzumab, para a selección entre a forma farmacéutica intravenosa biosimilar e a subcutánea (SC) teranse en conta criterios de eficiencia, salvo en pacientes con mal acceso venoso, onde non se considere conveniente a vía IV.

"Queda así actualizado o ditame de 29 de maio de 2015 sobre trastuzumab subcutáneo."

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital)

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

O director xeral de Asistencia Sanitaria

(PD Acordo do 30 de novembro de 2023)

O subdirector xeral de Xestión Asistencial e Innovación

Alfonso Alonso Fachado

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde